

OS CAMPOS MARCADOS CUN * SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO. CUBRIR CON LETRAS MAIÚSCULAS

1. DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Nome e apelidos*		DNI/NIF/NIE*	
Representante		DNI/NIF/NIE	
Dirección notificación*			
Localidade*	C.P.*	E-mail*	Teléfono*
2. LOCALIZACIÓN DO ESTABLECEMENTO OU ESPAZO ABERTO AO PÚBLICO			
Dirección*			
Referencia catastral*			
3. TIPO DE ESTABLECEMENTO OU, SE É O CASO, DESCRICIÓN DO ESPECTÁCULO OU DA ACTIVIDADE			
Descrición da actividade*			
Ocupación máxima*		Data de apertura ou inicio*	
<input type="checkbox"/> Licenza de Obra anterior	Nº Licenza	<input type="checkbox"/> Comunicación Previa de Obra anterior (achegar copia)	
Titular das obras			
4. AUTOLIQUIDACIÓN			
A AUTOLIQUIDACIÓN levarase a cabo con anterioridade á presentación desta solicitude independentemente do tipo de tramitación (presencial ou telemática) nalgunha das seguintes contas indicando no concepto o nome do solicitante:		INDICAR SE OS TRIBUTOS XA FORON ABOADOS NUN TRÁMITE ANTERIOR (CPA-OMA ou CPA-OME):	
ABANCA	ES32 2080 5445 21 3110101347	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
BANCO PASTOR	ES10 0238 8323 38 0660001758	Taxa por superficie (m²)*	
LA CAIXA	ES98 2100 4713 19 0200017762	Total a ingresar:	
5. DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER OBRIGATORIO QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE			
• Datos identificables do solicitante:			
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do solicitante. Non necesario en caso de presentación a través da Sede Electrónica.			
<input type="checkbox"/> No caso de representación, documento acreditativo da mesma e fotocopia do DNI do representado.			
• Autoliquidación:			
<input type="checkbox"/> Xustificante bancario do pago dos tributos municipais, agás no caso de que o abono se fixera nun trámite anterior.			
• Documentación gráfica:			
<input type="checkbox"/> Plano descritivo do catastro asinado polo solicitante.			
<input type="checkbox"/> Reportaxe fotográfica da edificación: fachadas e interior do local da actividade, subscriba polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto ou memoria técnica.			
• Autorizacións sectoriais que sexan procedentes por motivo de afeccións:			
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non			
<input type="checkbox"/> Estradas Xunta <input type="checkbox"/> Estradas Deputación <input type="checkbox"/> Rede Natura <input type="checkbox"/> Patrimonio Cultural <input type="checkbox"/> Concentración Parcelaria (Estás/Goján/Figueiró)			
<input type="checkbox"/> Confederación Hidrográfica <input type="checkbox"/> Costas <input type="checkbox"/> Outra/s, indicar cal/es:			

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Tomiño. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición coa comunicación por escrito ao Rexistro do Concello de Tomiño.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE
(riscar cun “x” os documentos que se achegan)

Documentación xeral:

- Proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- Certificado do fin de obra das obras e das instalacións, asinado polo técnico director das obras.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Copia do recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- Documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exigibles.
- Certificado das empresas instaladoras e/ou do arquitecto dos servicios contratados: electricidade, abastecemento de auga, saneamento e/ou gas, de axuste á normativa vixente.
- Certificado de alta no padrón do lixo.
- Certificado de medición acústica emitido por empresa homologada, cando proceda.
- Copia da solicitude de Comunicación Previa de obras anterior, no seu caso.
- Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de ESTRUTURAS NON PERMANENTES DESMONTABLES, será preciso achegar, xunto coa documentación requirida no punto anterior, a seguinte documentación:

- Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
- A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

INFÓRMASE QUE consonte co disposto no apartado 3 do artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: ***unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.*** Toda a documentación solicitada ten carácter enunciativo non exhaustivo nin excluínste de calquera outra que o técnico informante crea necesaria para o correcto entendemento e avaliación da solicitude realizada.

Artigo 2 da Lei 10/2017 de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia. Ámbito de aplicación:

1. Quedan sometidos a esta lei todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público, con independencia do carácter público ou privado de quen os organice, da titularidade pública ou privada do establecemento ou espazo aberto ao público en que se desenvolvan, da súa finalidade lucrativa ou non lucrativa e do seu carácter esporádico ou habitual.
2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:
 - a) Os actos e as celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público e que, polas súas características, non supoñan ningún risco para a integridade dos espazos públicos, para a convivencia entre a cidadanía ou para os dereitos de terceiros.
 - b) As actividades efectuadas en exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.
3. As disposicións desta lei aplicaranse con carácter supletorio a aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que contén con regulación sectorial propia.

DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e que achego a seguinte documentación que acredita (marcar unha das dúas opcións):

- Que **REMATARON AS OBRAS** necesarias para o acondicionamento do local realizadas con carácter previo ao inicio da actividade, comunicadas ou con licenza previa.
- Que **NON SON PRECISAS** obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade.

E ADEMAIS:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións a desenvolver.
- Que se dispoñon de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que no caso de dispor sistemas de aire acondicionado, a maquinaria non poderá sobresaír do plano de fachada.
- Que a instalación eléctrica axustarase ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- Que a actividade disporá de medios de extinción en caso de incendio, iluminación de emerxencia e sinalización segundo o disposto na normativa vixente.
- Que a actividade cumprirá coas normas de accesibilidade cando sexa preceptivo.
- Que se cumprirán os requisitos relativos as medidas hixiénico-sanitarias.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que a actividade dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Tomiño.
- Que a edificación da actividade conta con licenza de primeira ocupación ou a acreditación necesaria que sexa establecida da antigüidade e da estabilidade e Fóra de Ordenación se procedese.
- Que contarei coas autorizacións e rexistros sectoriais que me resulten necesarias para o exercicio da actividade.
- Que se achega **TODA** a documentación preceptiva que se indica.

ASÍ MESMO:

- Cumpriranse os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manteranse as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- Conservarase no local unha copia desta comunicación a disposición dos servizos de inspección municipais.
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

E AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

Tomiño, a _____.

Sinatura do solicitante: Nome e DNI	Sinatura electrónica (no seu caso)
-------------------------------------	------------------------------------

EN CASO DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA ESTE MODELO DEBERÁ ESTAR OBRIGATORIAMENTE ASINADO ELECTRONICAMENTE (Art. 11.2 Da Lei 39/2015 Do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas)

INFÓRMASE QUE, se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa **comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede**. Logo de rematar a obra, presentárase a declaración responsable para o inicio da actividade.

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 24 e 25 da Lei 10/2017 de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: *A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

O período suxeito á imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto será de entre 3 meses e un ano, segundo se establece no artigo 40.6, parágrafo segundo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (modificación introducida pola Lei 10/2017 de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia).